

1. Cantigas de burlas

Cantiga de maldizer

A sátira directa ten un bo exemplo nesta cantiga obscena de Afonso Eanes do Coton:

*Marinha, en tanto folegares
tenho eu por desaguisado;
e soo mui maravilhado
de ti, por non arrebentares:
ca che tapo eu daquesta minha
boca a ta boca, Marinha;
e com estes narizes meus
tapo eu, Marinha, os teus;
e coas maos as orelhas,
os olhos e as sobancelhas;
tapo-t'ao primeiro sono
da mia pisa o teu cono,
como me non vej'a nenguu,
e dos colhoes esse cuu.
Como non rebentas, Marinha?*

1.1. As cantigas de escarnho e as cantigas de maldizer

O terceiro xénero maior das cantigas medievais está constituído por aquelas que foron escritas cunha finalidade satírica e burlesca. As cantigas de burlas teñen un modelo no sirventés provenzal. Porén, a relación entre eles é aínda máis lixeira que entre a *cançó* e a cantiga de amor: o sirventés era un tipo de poesía serio, que a miúdo abordaba temas elevados (morais, filosóficos, literarios). As nosas cantigas de burlas adoptan en xeral unha tonalidade chocalleira e buscan o ataque persoal, a ridiculización do adversario e a degradación a través do riso.

Os poetas medievais distinguían **dous tipos entre as cantigas de burlas**:

a) As cantigas de escarnho, que eran as que falaban mal dalgunha persoa. Era, xa que logo, sátira persoal, e nela empregaban palabras de dobre entendemento (con dous valores semánticos) mediante o equívoco. Satirizaban de forma indirecta e encuberta.

b) As cantigas de maldizer, eras aquelas nas que se falaba mal de forma aberta. Implicaban unha sátira clara e directa, na que se lle chamaba ás cousas polo seu nome.

Esta distinción, porén, ten para nós pouco valor, posto que moitas referencias satíricas que para os contemporáneos eran evidentes, para nós son indescifrábeis. A dificultade de interpretar o equívoco incluso provoca que en ocasións cantigas de escarnho fosen clasificadas e interpretadas como cantigas de amor ou de amigo. Por iso, preferimos falar de **cantigas de burlas**.

1.2. Tipoloxía e principais ciclos temáticos

A temática das cantigas burlescas é moito máis variada que a da poesía amorosa: tipos sociais, costumes, institucións etc. As cantigas son un espello da sociedade da época, pero sobre todo da mentalidade do home medieval: dos seus valores, prexuízos, obsesións e medos.

Un gran número de cantigas teñen como destinatario das burlas as mulleres. En contraste coa idealización propia da lírica amorosa, encontramos nelas un retrato cruel da muller. A dimensión do mundo feminino redúcese á sexualidade, converténdoa en suxeito ou obxecto da luxuria. As mulleres, xunto cos homosexuais, son vítimas desa mentalidade androcéntrica.

A sátira medieval non ten como único criterio discriminatorio o de xénero ou de preferencia sexual. Todo aquilo que se aparta da norma cortesá do *home-cabaleiro-cristián* é atacado nestas composicións: os xudeus e os árabes, os médicos e mercadores, os eclesiásticos, os cabaleiros pobres, os nobres covardes etc. Nalgúns casos, as vítimas dos ataques son os propios compositores das cantigas, xa que un dos motivos habituais das sátiras é a crítica á falta de habilidades literarias dos poetas.

Atendendo á temática, podemos sinalar a seguinte **tipoloxía de cantigas de burlas**:

- **Sátira política:** Unha serie pouco numerosa de cantigas entran de cheo nos problemas políticos e militares que preocuparon os monarcas do século XIII. Distinguimos dous ciclos principais, aos que habería que engadir algunhas sátiras persoais que probabelmente teñen unha vertente política que a miúdo se nos escapa:
 - ▶ Críticas aos cabaleiros que entregaron os seus castelos a Afonso III o Bolonhés na guerra portuguesa de 1246, rompendo as obrigas vasaláticas que os unían co rei Sancho II.
 - ▶ Críticas de Afonso X aos nobres que o traizoaron e lle negaron a súa axuda na guerra de Granada en 1264, censurando a súa covardía e deslealdade.
- **Sátira literaria:** multitude de cantigas burlescas teñen como motivo a propia literatura e os seus autores. Esta circunstancia é comprensíbel se nos situamos no ambiente cortesán en que convivían diariamente moitos dos trobadores e xograres: os enfrontamentos eran unha especie de xogo de enxeño para demostrar as habilidades literarias e dar saída ás rivalidades persoais. Distinguimos tres ciclos fundamentais:





Hieronimus Bosch: *A gula*. É frecuente nestas cantigas a censura a cegos, frades e monxas polos seus vicios pouco cristiáns, como a gula ou a luxuria.

- ▶ Os enfrontamentos entre xogares e trovadores, ao reclamaren os xogares un rol de compositores e suxeitos, polo tanto, do amor cortés, privilexio reservado aos nobres. Neste ciclo entrarían tamén as burlas a xogares pola falta de calidades artísticas.
 - ▶ As parodias do código do amor cortés, en que se ridiculizan os motivos temáticos ou a linguaxe das cantigas de amor. Tamén podemos encontrar parodias doutros tipos de cantigas serias.
 - ▶ O “ciclo das amas e tecedeiras”, composto por un nutrido grupo de poemas motivados polo capricho do nobre portugués João Soárez Coelho de dirixir unha cantiga de amor a unha ama de cría. Esta grave alteración do código do amor cortés –a senhor debía ser sempre de condición social elevada– provocou a burla de varios trovadores.
- **Sátira social, de tipos e costumes:** Estes tres tipos confúndense sempre na sátira persoal, pola tendencia das cantigas de burlas a concretar nun individuo as críticas a grupos ou costumes sociais. Entre as sátiras de costumes, resaltan as críticas á avaricia, ás crenzas na astroloxía e a adiviñación, ás modas etc. As críticas a grupos sociais atinxen as máis diversas actividades:
 - ▶ Os infanzóns e cabaleiros pobres, ridiculizados polas súas pretensións nobiliares e a miseria en que viven.
 - ▶ Os cegos, frades e monxas, aos que se censura polos seus vicios pouco cristiáns, en especial a gula e a luxuria.
 - **Sátira obscena:** Os trovadores e xogares mostran en todo momento unha tendencia a procurar o riso fácil con referencias, máis ou menos encubertas, ao sexual e escatolóxico. Este elemento pode mesturarse con calquera dos outros temas ou aparecer como único motivo da cantiga. Entre as cantigas obscenas, resaltan polo seu número e escabrosidade as dedicadas ás soldadeiras.

1.3. A lingua e a forma da cantiga de burlas

Desde o punto de vista estilístico, caracterízanse pola súa linguaxe directa, adecuada aos temas que desenvolven. O léxico empregado é concreto, moi a miúdo propio dun rexistro vulgar, polo que se converten nun valioso medio para coñecer a lingua popular da Idade Media.

Carecen dunha métrica e unha estrutura formal propias. Polo xeral, sérvense dos tipos de estrofas e recursos literarios propios da cantiga de amor, pero tamén hai as que imitan a cantiga de amigo tradicional.

A estrutura consta habitualmente dunha primeira estrofa, que presenta o motivo central da composición, onde se cita polo seu nome o personaxe satirizado cando a sátira é persoal, e as restantes, que glosan a burla inicial mediante recursos paralelísticos. En moitas das cantigas ten grande importancia a narratividade, posto que desenvolven unha pequena anécdota argumental que serve de eixe estruturador da composición.

O recurso poético máis singular é o **equívoco**, que consiste en xogar co dobre sentido das palabras.